

## **ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE MARZO DE 2008**

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e sete de marzo de dous mil oito, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta en funcións, D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

### **Grupo municipal Socialista:**

D. José M. Francisco Mata Buyo  
D. Jesús Vázquez García  
D. Francisco Javier Santos Maseda  
D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado

### **Grupo municipal do Partido Popular (PP):**

D. José Eduardo Zapata Roel  
D.<sup>a</sup> Silvia María Vázquez Cardelle  
D. José Luis Dans Medín

### **Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo

### **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

D. Antón Sánchez García

### Escusan a súa asistencia:

D. José Fernández Ramos (PSOE), mediante Decreto de delegación de funcións.  
D. Manuel Parga Fernández (BNG).

### Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.<sup>a</sup> Laura Gutierrez Ortiz  
A secretaria xeral: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> de las Mercedes Fernández González

## **ORDE DO DÍA**

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 31 DE XANEIRO E 9 DE FEBREIRO DE 2008.**
- 2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO 2007.**

**3.- PRORROGA DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA, NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

**4.- APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO, A 31 DE DECEMBRO DE 2007, DOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

**5.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO *BEIRARRÚAS E ZONA AXARDINADA EN BALDOMIR*, INCLUÍDA NO *PLAN DE COOPERACIÓN-2007* DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

**6.- INCLUSIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO NO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA XUNTA DE GALICIA NA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

**7.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN Á CONSTITUCIÓN DA MESA XERAL DE NEGOCIACION DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL AFECTADO, DO CONCELLO DE BERGONDO.**

**8.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN Á ADHESIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO Á *CARTA DE AALBORG (DINAMARCA)* E A *CARTA DE LISBOA*.**

**9.- ASUNTOS URXENTES**

**10.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

**11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 31 DE XANEIRO E 9 DE FEBREIRO DE 2008.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 31 de xaneiro e 9 de febreiro de 2008. A Sra. alcaldesa en funcións pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non formulándose, apróbanse por unanimidade dos asistentes.

## 2.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO ECONÓMICO 2007.

Seguidamente dáse conta ós asistentes do expediente relativo á liquidación do orzamento municipal ordinario correspondente ao exercicio 2007 no que se inclúe, entre outros, a resolución de Alcaldía 144/2008, do 28 de febreiro polo que se aprobou a referida liquidación, e que transcrita literalmente di:

*“A Intervención municipal realizou a Liquidación de Gastos e Ingresos do orzamento municipal deste concello, correspondente ó exercicio de 2007, cumprindo o previsto no artigo 191.3 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Alcaldía*

**R E S O L V E:**

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación á Liquidación de Gastos e Ingresos do Orzamento deste Concello correspondente ó exercicio de 2007, e que mostra o seguinte resumo:*

**A) RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO 2007.**

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a.- Operacións correntes	4.245.140,41	3.681.977,70		
b.- Operacións correntes non financeiras	1.881.022,31	3.459.325,23		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	6.126.162,72	7.141.302,93		
2. Activos financeiros	8.763,34	11.598,58		
3. Pasivos financeiros	225.130,63	0,00		
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO</b>	6.360.056,69	7.152.901,51		-792.844,82
<b>AXUSTES</b>				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			846.802,90	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			772.444,16	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			141.264,97	1.477.982,09
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>				685.137,27

*SEGUNDO.- Dar conta ó Pleno Municipal desta liquidación correspondente ó exercicio de 2007 e que se remita copia da mesma á Administración do Estado -Ministerio de Economía y Hacienda, e a Comunidade Autónoma en consonancia co previsto no artigo 193.4 e 193.5 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*Bergondo, vinte e nove de febreiro dous mil oito= O Alcalde-Presidente= Asdo. José Fernández Ramos.”*

Seguidamente a Sra. alcaldesa en funcións di que se trata de dar conta, pero pregunta se algún integrante da Corporación quere facer algunha manifestación.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García e manifesta: quero dar a miña opinión acerca destas contas; podo unicamente felicitar o traballo técnico e que se presentou a documentación en prazo; no fondo da cuestión nós xa criticamos a do 2006 por unha serie de defectos nos que aquí se segue incidindo. Se isto fose unha empresa tería neste exercicio unha perda de case 800.000 euros, o sexa, que ingresando todo o que se pode ingresar non chegaría para cubrir os gastos comprometidos, e se quedaría nunha situación de inestabilidade orzamentaria de 792.000 € aínda que despois se fagan os axustes.

O resultado da conta de explotación é negativo; no informe da interventora, di que na execución do gasto, en gastos correntes se executa o 99%, o cal debe ser unha anomalía porque cando nós

criticamos que non se chegaba a executar mais que o 50% do anterior orzamento o alcalde dixo que era normal, daquela isto de que se cumpra e se execute o 99% dalgún capítulo debe ser unha anomalía, polo tanto, gastos correntes 99% pero despois dí que o total de execución é o 73%; logo se en gastos correntes temos o 99%, e o total, que é o resultante de facer unha media con outros parámetros, é o 73 %, temos que deducir cunha simple regra de tres que no capítulo de inversións o grado de execución é o cincuenta e pouco por cento; polo que, seguimos incorrendo na falta de execución nas inversións, saneamento, camiños, infraestruturas básicas para os veciños de Bergondo, polo tanto, xuntando estas dúas cousas temos un déficit de 800.000 € sen facer as inversións para os servizos básicos dos veciños, o sexa, sen facer un esforzo en saneamento e en camiños e carreteras. Cando se fai un presuposto queda moi bonito dicir no periódico que é un presuposto equilibrado, pero a execución di todo o contrario.

Outro tema que politicamente non estamos de acordo co remanente de tesourería de 2.500.000 euros, tendo as necesidades que ten este concello; ter eses recursos ociosos non nos parece ben, foi grazas a isto que se obtiveron 102.000 euros de intereses, por ter os cartos no banco, o cal non nos parece unha política social axeitada. Por último tamén dicir que existe un desfase nas previsión de ingresos, solo se executa o 65% dos ingresos previstos, habendo desfases nas taxas, nas transferencias de capital das administracións públicas de 900.000 € nos activos financeiros, nos pasivo, e polo tanto, eu non sei se se inflou o orzamento cando se fixo ou que pasou aí, gustárame tamén sabelo, polo tanto a nosa opinión é que a xestión económica é moi mellorable, e polo tanto hai que aplicarlle mais rigor, tanto á realización dos orzamentos como ao cumprimento deles.

Sra. alcaldesa en funcións: como vostede sabe este é un punto no que non entra o debate; é simplemente dar conta da liquidación. Recóllense as súas manifestacións e, en todo caso, pode presentar algunha pregunta no próximo Pleno esixindo as explicacións que vostede considere oportunas sobre este punto; vostede sabe que hoxe non ha lugar a debate.

O Pleno municipal toma coñecemento da liquidación do orzamento do exercicio 2007.

### **3.- PRORROGA DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS EN MATERIA TRIBUTARIA, NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“A Deputación Provincial de A Coruña vén de modificar as Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, para posibilitar que se incremente ao 90% o importe das entregas mensuais a conta da recadación, a aqueles concellos que amplíen o período de delegación de competencias ata o 1 de xaneiro de 2022. Tal e como se recolle no escrito remitido a este Concello en data 21 de xaneiro de 2008 e número de rexistro de entrada 203.*

*Co obxecto de que este Concello sexa beneficiario desa posibilidade,*

**PROPOÑO:**

- 1) *Prorrogar ata o 1 de xaneiro de 2022 as delegacións de competencias en materia tributaria realizadas por este Concello na Deputación e que rematarían orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012. Prórroga que se aplicará ás delegacións que se acorden dende o día da data ata o 31 de decembro de 2011.*

2) *Abrir un período de exposición pública de 30 días hábiles dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento e presentación de alegacións.*

3) *Comunicar o presente acordo a excma. Deputación Provincial de A Coruña. O Pleno da Corporación decidirá o que estime máis conveniente.=Bergondo, 4 de marzo de 2008=O Alcalde,=Asdo. José Fernández Ramos”*

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

#### **4.- APROBACIÓN DO LISTADO DO PADRÓN ACTUALIZADO, A 31 DE DECEMBRO DE 2007, DOS USUARIOS/AS DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“A concesión administrativa da xestión dos servizos públicos de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais do Concello de Bergondo coa empresa AQUAGEST S.A., comezou a súa prestación o 1 de xullo de 2002.*

*A citada empresa presentou neste concello o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2007 dos usuarios deses servizos, con número de rexistro de entrada 703 do 13/02/2008, todo isto en cumprimento das cláusulas 21ª e 27ª do prego de cláusulas económico-administrativas da citada concesión.*

*Por todo isto **proponse** a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro:** *Aprobar inicialmente o listado do padrón actualizado a 31 de decembro de 2007 dos usuarios do servizos de subministración de auga potable, de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, con número de rexistro de entrada neste concello 703 do 13/02/2008 e que comeza no folio número 2 con ABELLON GARCIA, ADRIAN e remata no folio número 175 con ZUREL ESPAÑA S.A., ámbolos dous inclusive.*

**Segundo:** *Que se expoña ó público no taboleiro de edictos deste concello e no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan formular as reclamacións pertinentes. Faise constar que no caso de que non se presenten reclamacións entenderase aprobado definitivamente.*

*Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.*

*Bergondo, 13 de marzo de 2008=O Alcalde=Asdo. José Fernández Ramos”*

Toma a palabra o Sr. voceiro do grupo de VB, F. Manuel Fafián Torreiro e di: tan importante é cobrar como prestar o servizo. Nos consta que hai bastantes veciños en espera, incluso durante anos, para ter o servizo de augas; entón é tan importante cobrar pero dar tamén este servizo.

Sra. alcaldesa en funcións: en todo caso vostede xa sabe que hoxe temos que recoller o listado de usuarios, que é o que se aproba, as solicitudes que están pendentes de execución, ben pode ser por un problema de rede, que conleva un traballo mais a fondo, pero que en todos eles se está a traballar.

A continuación o Sr. voceiro suplente do BNG Antón Sánchez García manifesta: no sentido que dicía Fafián, nós presentamos unha moción que ten que ver con isto, porque hai xente que está no Padrón e non recibe un correcto servizo, pero non ten nada que ver con que este Padrón estea correcto. Falaremos deso na Moción.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **5.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO PROXECTO NOMEADO BEIRARRÚAS E ZONA AXARDINADA EN BALDOMIR, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN-2007 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

A continuación dáselles conta ós/ás asistentes dos trámites seguidos neste expediente, no que consta, entre outros, os informes favorables do arquitecto técnico e a interventora municipais, así como a proposta de alcaldía que transcrita literalmente di:

*“O Pleno municipal en sesión do día 26 de abril de 2007 aprobou o Plan de Cooperación Provincial (PCP) 2007, da Deputación Provincial, así como o proxecto da obra, incluída en dito Plan, e quese denomina “Praza pública en San Fiz de Vixoi”. Así mesmo, en dita sesión, aprobouse o Plan complementario do ano 2007, que inclúe a obra “Beirarrúas e zona axardinada en Baldomir”*

*Tendo en conta que actualmente aínda se están a tramitar as actuacións para dispoñer das afeccións necesarias para a execución da obra “Praza pública en San Fiz de Vixoi”, o Pleno municipal en sesión de data 31/01/08, acordou ratificar o Decreto da Alcaldía 944/2007, que resolveu substituír a obra antes nomeada, pola obra “Beirarrúas e zona axardinada en Baldomir”, é dicir, a obra que inicialmente estaba incluída no PCP pasa ó Plan complementario, e viceversa.*

*En consecuencia co anteriormente exposto, proponse ó Pleno municipal, que previo exame do expediente, adopte o seguinte acordo:*

*1º) - **Aprobar o proxecto** da obra “**Beirarrúas e zona axardinada en Baldomir**”, cun presuposto de 213.715,31 euros, e redactado polo enxeñeiro de camiños, don Manuel Pisos Veiga, colexiado núm.8465.*

*2º) – Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*3º) – Solicitar á Deputación provincial a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se ésta efectivamente se produce.*

*4º) – Facultar expresamente ó Sr.alcalde para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*

*Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.*

*Bergondo, 14 de marzo de 2008=O alcalde en funcións (Decreto nº 168/2008)=José M. Francisco Mata Buyo”*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións e di: é un proxecto que como se dí xa trouxemos ao anterior Pleno, pero se queren facer algunha manifestación, poden facela.

Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García: eu xa vin o informe técnico; o outro día aprobamos o que era o cambio do proxecto da subvención da praza de San Fiz por este proxecto en Baldomir; non é o mesmo aprobar ese cambio que aprobar ese proxecto, non ten nada que ver unha cousa coa outra. O cambio que fixemos de San Fiz foi, como todo o mundo sabe, foi unha das promesas electorais do alcalde, e se fixo no aire, sen ter os terreos. Agora métese unhas beirarrúas en Baldomir; é cuestión de prioridades, vanse a gastar uns 200.000 euros neste proxecto cando aquí houbo unha gran pelexa o outro día por ver quen era o que mais defendía a seguridade vial en Baldomir, e eu que vin o proxecto, é moi mellorable nese tema da seguridade vial que dicíamos. Da redución de velocidade non se fai especial fincapé, evidentemente unha beirarrúa é unha mellora na seguridade vial, porque te sobes a ela, pero non hai ningún tipo de medida adicional para mellorar a seguridade vial; polo tanto é un proxecto que peca diso, é unha improvisación pura e dura, é a política que se fai aquí e en moitos concellos, que é facer beirarrúas e facer xardíns cando outras cousas mais importantes déixanse de facer. Polo tanto para nós non sería unha prioridade facer isto senón cousas que custen menos que os 200.000 € pero que signifiquen mais seguridade para a xente que por alí camiña, polo tanto nós non vamos a votar a favor deste proxecto.

Sr. voceiro de VB, F. Manuel Fafián Torreiro: unha vez lido o informe técnico, precisamente estaba esperando que en este informe se fixera fincapé ao que vostedes votaron en contra o outro día, tanto PP como PSOE, saltándose os pactos que había nesta sala en onde todas as mocións que se votaran como urxentes ían ser aprobadas por unanimidade e o Sr. Zapata recordounos que no proxecto, debeuno de ver antes que nós, ía incluído xa o que ía recollido na moción, que era a redución de velocidade e incluír mais pasos de peóns. O proxecto, o que leva é unhas beirarrúa moi bonitas, moito xardín e incluso rego; se revisan o proxecto non hai nada de seguridade, estaba esperando este informe por si facía fincapé e aquí o único que di é que ademais hai que esperar a autorización do órgano competente para expropiar os terreos. Entonces o outro día saltáronse o xogo democrático, os 9, e aínda encima o proxecto que parecía que viran, non leva seguridade. Polo tanto tampouco o vamos a aprobar, 250.000 euros creo que son mais de 40 millóns de pesetas para poñer beirarrúas, xardíns, incluso auga para regalos, cando alí ao lado hai unha igrexa, vaise facer un parque e encima hai unha gardería, e non limitamos a velocidade, non poñemos bandas rugosas para reducir a velocidade que era o que pedía a Moción que rexeitaron vostedes tanto o PP como o PSOE; pois non estamos de acordo.

Sra. alcaldesa en funcións : en todo caso saben vostedes que, precisamente se pode levar a cabo este proxecto porque ía contemplado, xa no seu día, como Plan Complementario, entón, efectivamente o proxecto poderá mellorarse, pero iso, teremos que afrontalo despois.

Sr. voceiro de VB: perdoe que lle interrompa, pero na moción que presentamos o outro día, de carácter urxente, porque este cambio se decidiu case dunha semana para outra, incluía unha cousa moi importante, que era a seguridade; vostedes votaron abaixo esa moción porque dicían que xa estaba incluído, e insistiu moito o Sr. Zapata; e non está incluído, son 250.000 €, se tan seguros estaban cando botaron abaixo a moción, poderían haber revisado o proxecto, antes de telo na man, xa finalizado e revisado ¿non lles parece o mais lóxico?, este problema non o teríamos agora, tendo en conta que alí hai unha gardería, vólvolle a repetir, unha futura praza onde vai haber xente camiñando; ata poderíamos estar case de acordo, pero 250.000 € para poñer beirarrúas e xardíns, non estamos niso, isto non é A Coruña me parece.

Sra. alcaldesa en funcións: efectivamente isto non é A Coruña, e as melloras en seguridade vial son importantes en tódolos concellos, por iso, repito, o que se teña que facer en canto a medidas de seguridade vial farase, evidentemente, estea incluído no proxecto ou non, agora mesmo este é o proxecto que se presenta para a súa aprobación.

A continuación procedese á **votación da proposta de Alcaldía**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: cinco (5) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: un (1) voto en contra.

**Total: oito (8) votos a favor e tres (3) en contra.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa en funcións declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

## **6.- INCLUSIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO NO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA XUNTA DE GALICIA NA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Na sesión do Pleno ordinario de data 31 de xaneiro de 2008 adoptouse o acordo de solicitude de inclusión do Concello de Bergondo no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia e os Concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.*

*A Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia remitiu por fax un escrito co número 2629 de rexistro de saída da citada consellería do día 29 de febreiro de 2008, no que se informa que:*

- 1. “A Comisión de seguimento do referido convenio, na súa reunión do 26/02/2008, acordou por unha unanimidade a inclusión dos concellos de Bergondo e Betanzos na Área do Transporte Metropolitano da Coruña.*
- 2. A estimación de viaxeiros dese concello, para os anos 2008 e 2009 é a seguinte:*

2008	2009
209.583	220.062

- 3. A bonificación estimada que lle correspondería soportar a ese concello é:*

2008	2009
23.976,32 €	25.930,39 €

*Por todo o anteriormente citado e para os efectos da inclusión do Concello de Bergondo na Área do Transporte Metropolitano da Coruña propoño a adopción do seguinte acordo:*

- 1. Asumi-las obrigas derivadas do dito convenio.*
- 2. Asumi-lo compromiso de cumprir coas obrigas económicas que realmente se deriven do mesmo.*

*Bergondo, 13 de marzo de 2008 =O Alcalde=José Fernández Ramos”*



Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **7.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN Á CONSTITUCIÓN DA MESA XERAL DE NEGOCIACION DAS CONDICIÓN S DE TRABALLO DO PERSOAL AFECTADO, DO CONCELLO DE BERGONDO.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“En escrito de data 30 de xaneiro de 2008, co núm. 410, segundo o R.X. de Entrada no Concello, a delegada do persoal funcionario e do persoal laboral, Sandra María Anido Freire e María Pardo Fafián, respectivamente, solicitan a esta Alcaldía que se proceda a constituír a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Bergondo.*

*No artigo 36 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público desenvólvese relativo á constituición da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, que no seu apartado 3º recolle “...Para la negociación de todas aquellas materias y condiciones de trabajo comunes al personal funcionario, estatutario y laboral de cada Administración Pública, se constituirá en la Administración General del Estado, en cada una de las Comunidades Autónomas, Ciudades de Ceuta y Melilla y Entidades Locales una Mesa General de Negociación.”*

*Por todo o anteriormente citado propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:*

*Facultar ao Sr. alcalde para que proceda a constituír a Mesa Xeral de Negociación do Concello de Bergondo.*

*Bergondo, 14 de marzo de 2008=O alcalde=José Fernández Ramos“*

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **8.- ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA EN RELACIÓN Á ADHESIÓN DO CONCELLO DE BERGONDO Á CARTA DE AALBORG (DINAMARCA) E A CARTA DE LISBOA.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“A Corporación do Concello de Bergondo propón a presente declaración e se compromete a impulsar los principios de actuación contados na mesma, contando para isto co pleno respaldo do Pleno Municipal do Concello de Bergondo.*

*1º.- Preámbulo.*

- A) A Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente e o Desenvolvemento Sostible, celebrada en Río de Janeiro en 1992, consolida o concepto de desenvolvemento sostible, definido como o proceso que cubre as necesidades do presente sen comprometer a satisfacción das necesidades das xeracións futuras. A Cumbre de Río puxo de manifesto o*

*consenso mundial e o compromiso político ó máis alto nivel sobre a indivisibilidade do proceso de desenvolvemento e a protección ambiental.*

- B) A Axenda 21, aprobada en Río constitúe un Plan de Acción Local para acadar-la sostibilidade no século XXI. As actuacións que se propoñen neste marco deberán basearse no diálogo das autoridades locais coas diversas organizacións e axentes, e coa cidadanía en xeral. A clave está en conxuga-lo desenvolvemento social e económico, coa protección do medio ambiente.*
- C) En Europa o compromiso coa sostibilidade ten un fito importante na Conferencia Europea de Cidades e Pobos Sostibles, celebrada en Aalborg (Dinamarca, 1994). Nesta Conferencia aprobouse a denominada Carta de Aalborg, á que se adheriron centos de entidades locais e, en particular, coa implantación da Axenda 21 Local.*
- D) Outro feito a destacar é a Carta de Lisboa (1996) – Da carta á Acción: Ponencia a realización de consultas e a necesidade de formación dos distintos sectores da comunidade para crear sinerxías a través da cooperación, así como de educación, concienciación. Trata todo un apartado sobre a necesidade de alianzas e cooperación entre as asociacións e as autoridades locais. Creación dun Foro da Axenda 21.*
- E) A Corporación Municipal do Concello de Bergondo asume a súa responsabilidade na implantación dos Principios de Sostibilidade no noso municipio, e validámola Axenda 21 (Bergondo 21) como ferramenta eficaz para actuar a favor dun desenvolvemento local sostible.*

#### *2º.- Principios de sostibilidade.*

- A) A Corporación Municipal comprende que o concepto de sostibilidade obriga á planificación do desenvolvemento sostible local, preservando e protexendo o noso patrimonio medioambiental. Os nosos obxectivos deben se-la cohesión social, o crecemento económico sostible e a protección do medio ambiente.*
- B) O noso desenvolvemento local debe ser socialmente sostible: equilibrado e solidario, e debe basearse nun modelo compartido, no que a cidadanía e os axentes sociais e económicos asuman un papel protagonista.*
- C) O noso desenvolvemento local debe ser economicamente sostible: compatible coa competitividade que conleva unha economía global.*
- D) O noso desenvolvemento local debe ser ambientalmente sostible: non debe mante-lo consumo presente ás custas do benestar futuro. A sostibilidade ambiental implica apostar polos recursos renovables e a súa eficiente explotación. Tamén, que as emisións contaminantes non superen a capacidade do aire, a auga e o chan para absorbelas.*

#### *3º.-Criterios operativos de sostibilidade ambiental*

*A Corporación Municipal do Concello de Bergondo comprométese a planifica-lo noso desenvolvemento local en base ós seguintes criterios de sostibilidade ambiental:*

- A) As intervencións acumulativas e os danos irreversibles deben ser eliminados (criterio de irreversibilidade) cero).*
- B) As taxas de uso dos recursos renovables deben ser inferiores ás de renovación (criterio de aproveitamento de sostibilidade).*
- C) As emisións e os residuos deben ser inferiores á capacidade de asimilación por parte dos ecosistemas receptores (criterio de emisión sostible).*
- D) As tecnoloxías con menos requirimentos de recursos serán prioritarias (criterio de eficiencia tecnolóxica)*
- E) Ante a dúbida de posibles efectos adversos dunha opción, imporase o principio de cautela (criterio de precaución)*

4º.- *Estratexia local cara á sostibilidade.*

- A) *A Corporación Municipal do Concello de Bergondo está convencida da importancia de actuar en local, para resolve-los problemas ambientais globais. As cidades e os pobos son as entidades desde as que debemos afrontar-los desequilibrios que afectan ó mundo moderno.*
- B) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo reconece que debemos resolve-las nosas dificultades e desequilibrios por nós mesmos, contando ademais co apoio da Administración autonómica e estatal.*
- C) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo favorecemos as iniciativas de Educación Ambiental entre os diferentes colectivos, e especialmente entre nenos e xente nova.*
- D) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo avoga por que as políticas de ordenación do territorio e de xestión de solo teñan en conta as consideracións ambientais, desenvolvendo avaliacións ambientais estratéxicas dos plans urbanísticos.*
- E) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo esforzarase pola mellora da accesibilidade e o benestar no ámbito urbano, potenciando ó mesmo tempo o uso do transporte público e dos medios de transporte respectuosos co medio ambiente.*
- F) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo fomentará a xestión sostible dos recursos forestais, conscientes da relevancia que teñen os montes no noso patrimonio natural e na economía agraria galega.*
- G) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo promoverá a xestión axeitada dos residuos, conforme á lexislación vixente, potenciando especialmente a reciclaxe dos mesmos mediante a creación de infraestruturas axeitadas.*
- H) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo comprende os riscos que conleva para o planeta a emisión de gases de efecto invernadoiro e asume a súa responsabilidade no cambio climático. Así mesmo, favorece (no ámbito da nosa competencia) a implantación de tecnoloxías limpas.*

5º.- *Ferramentas para a xestión municipal orientada cara a sostibilidade.*

- A) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo comprométese a usa-los instrumentos políticos e técnicos dispoñibles para acadar unha xestión orientada cara a sostibilidade. A Axenda 21 Local e unha das ferramentas metodolóxicas para a consecución do mencionado obxectivo.*
- B) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo impulsará, no ámbito da Axenda 21 Local, o desenvolvemento de diagnóstico e auditorías ambientais do noso concello que deberán reflectir a percepción da calidade ambiental por parte da poboación, e ser elaborados preferentemente mediante mecanismos de participación cidadá.*
- C) *A nosa Axenda 21 Local deberá conter indicadores de sostibilidade de aspectos como a paisaxe, flora e fauna, ordenación do territorio, demografía, mobilidade e transporte, calidade do aire, xestión da auga, residuos, ruídos e enerxía...*
- D) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo comprométese a que os principios e consideracións ambientais establecidos na Axenda 21 estean presentes na posta en práctica de tódalas nosas Políticas Sectoriais, nas nosas ordenanzas municipais, nos plans xerais de ordenación urbana e nos plans estratéxicos locais.*
- E) *A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo fomentará a difusión dos nosos proxectos da Axenda 21, mediante a celebración de xornadas e encontros, edicións de folletos e publicacións, etc.*

F) A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo apoia explicitamente a aplicación de modelos de coordinación entre distintos servizos municipais relacionados coa xestión ambiental para garantir unha actuación eficaz e integrada a favor da sostibilidade local.

G) A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo promoverá a implantación de Sistemas Integrados de Xestión Ambiental na nosa entidade local.

6º.- Participación da cidadanía e cooperación entre Concellos.

A) A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo entende que a participación directa da cidadanía nos procesos de decisión pública é un elemento de mellora e lexitimación das actuacións públicas.

B) A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo comparte a idea de que a Axenda 21 Local debe elaborarse dende a participación e o consenso.

C) A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo aposta por novas formas de participación cidadá, como **Foros ambientais de sostibilidade**, que se están implantando con éxito en moitas comunidades locais do mundo.

D) A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo promoverá, especialmente, a participación activa da xente nova, as minorías sociais e os colectivos desfavorecidos, na elaboración de políticas de desenvolvemento local, xa que sen plena cohesión social non é posible falar de desenvolvemento sostible.

E) A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo declara que a cooperación entre municipios é de gran axuda para o deseño de políticas eficaces de sostibilidade. Cremos necesario establecer vías de comunicación sólidas para a posta en común de boas prácticas. Por isto, primará o traballo en redes intermunicipais, rexionais, nacionais e transnacionais.

7º.- O noso compromiso.

A Corporación Local Municipal do Concello de Bergondo, por medio da presente proposta, comprométese a:

**Primeiro:** Identifica-los problemas que obstaculizan o desenvolvemento sostible do noso concello.

**Segundo:** Fomenta-la participación dos axentes sociais e da cidadanía a través de novos modelos e ferramentas, para a implantación práctica dunha xestión municipal consensuada para a sostibilidade.

**Terceiro:** Incluí-las consideracións medioambientais en tódalas nosas políticas sectoriais, incluídas as urbanísticas.

**Cuarto:** Establecer un **Plan de Acción Local** a longo prazo a favor dun desenvolvemento sostible, con obxectivos mesurables, e que sirva de marco estratéxico para orientar toda a nosa planificación municipal.

**Quinto:** Cooperar con outros municipios e con outras administracións no intercambio de experiencias sobre os nosos procesos locais de sostibilidade.

**Sexto:** Subscribir oficialmente a Carta de Aalborg e a Carta de Lisboa e implantar no noso municipio unha Axenda Local 21.

Non obstante o Pleno municipal decidirá o que crea mais conveniente.=Bergondo, 14 de marzo de 2008= O alcalde en funcións (Decreto delegación 168/2008)=José M. Francisco Mata Buyo”

Toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Manuel Francisco Fafián Torreiro e di: sobre todo co punto 3, estamos totalmente de acordo con esta carta, este contido, sobre todo cos criterios operativos de sostibilidade ambiental, e supoño que aquí virá incluído non meter polígonos no medio do monte nin urbanizacións como traballo de sostibilidade, entón supoño que como é un traballo para unha

incorporación a un plan medioambiental a longo prazo terase en conta a aplicación do que vamos a asinar para o futuro, supoño, por iso imos aprobala.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García, e manifesta: estas son as típicas cousas que cando se presentan con pouca convicción quedan para a galería, apróbanse e quedan esquecidas; nós cremos nestes principios porque se basean sobre todo en dous pilares, un é a sostibilidade ambiental, desenvolver sen comprometer o futuro das xeracións vindeiras, e despois, o segundo, é a participación dos veciños na política e no deseño das políticas, no deseño do seu futuro, as dúas cousas vímolos defendendo nós sen necesidade de ir a Aalborg e a Lisboa, e con medidas concretas; daquela queremos que isto non que de cara a galería, queremos que todo isto se aplique ás políticas cotiáns, o sexa, nós presentamos unha Moción dun regulamento de participación cidadá neste senso, que se aprobou, pero que ata o día de hoxe nós preguntamos haber como ía, e nós contaron que aínda non se podía aprobar porque había outras prioridades no concello. Nós cremos que isto é o principio de todo, o sexa, seguramente o concello estará traballando noutras cousas, pero o regulamento de participación cidadá permitirá que todos os veciños opinen das cousas que teñan que facer, e do deseño das políticas urbanísticas, etc.; e sobre todo que se aplique o criterio de sostibilidade ás actuacións urbanísticas que se fagan en Bergondo. Eu dubido moito que isto se faga así, porque todas as actuacións que se están facendo en Bergondo non cumpren ningún criterio de sostibilidade, pode haber urbanizacións sostibles, polígonos industriais sostibles, pero non son os que están previstos para Bergondo. Imos a aprobar a Carta de Aalborg e o apoio á Carta de Lisboa.

Sra. alcaldesa en funcións: de todas formas, tal como indicabamos na Comisión Informativa, isto é un paso previo, é un requisito que temos que ter aprobado tódolos concellos que formamos parte do Consorcio das Mariñas, porque a partir de aí se implantará a Axenda 21, e será a partir de aí precisamente cando teremos que levar a cabo todas estas medidas, con políticas concretas e non con ideas, porque basicamente estas son ideas, e despois teremos tamén que traballar coas ferramentas que se nos indique, tanto en participación cidadá como en sostibilidade, en tódolos ámbitos do concello, precisamente por iso o estamos aprobando, porque cremos tamén niso.

Sr. voceiro de VB: entón se cren niso poderíamos facer unha recesión temporal nos proxectos de gran envergadura e de impacto, precisamente por iso; isto que sae á luz pública que se van facer unha serie de actuacións con un gran impacto en Bergondo, somos unha comunidade de 6.000 veciños con 35 quilómetros cadrados de extensión; vanse proxectar o dobre das casas que hai agora, se realmente cren neste documento deberíamos facer unha pequena parada e adaptarnos ao plan de sostibilidade para que os noso fillos de cara ao futuro saiban á que sosterse, e non correr a toda presa antes que saia o PXOM, e veña a aprobar cousas polo periódico, non vaia ser o demo, e despois crer nestes documentos, como di Antón isto queda na galería, e aínda así o aprobamos porque así podémollos recalcar tódolos días que queiramos.

Sr. voceiro suplente do BNG: polo que di a Sra. alcaldesa en funcións, é un requisito que tedes que cumprir, así vese o que credes niso, de todas maneiras aínda que isto non estivera aprobado non está prohibido ter criterios de sostibilidade, nin dar información aos veciños; non está prohibido en ningunha lei, por iso non é necesario aprobar isto para dar información aos veciños, en non contaminar o río.

Sra. alcaldesa en funcións: Sr. concelleiro non terxiverse as miñas palabras, porque cando digo que isto é un requisito, é porque cando igualmente hai que cumprir outros requisitos, e se nos di pois que temos que aprobar en Pleno a aprobación dun proxecto, dunha obra, etc.; agora tamén se nos esixe que aprobemos este documento para poder iniciar outras medidas que avancen mais. Efectivamente sabemos que non é obrigatorio ter isto aprobado para poder facer medidas que se levan a cabo

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **9.- ASUNTOS URXENTES.**

Seguidamente a Sra. alcaldesa en funcións, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria; presentáronse os seguintes:

A Sra. alcaldesa en funcións solicita que se inclúa neste punto da orde do día, e xustifica a urxencia en que é un trámite para continuar no proxecto Concellum.; nun Pleno anterior aprobouse a inclusión de Bergondo neste proxecto xunto cos de Abegondo, Cambre e Carral, trátase de aprobar a nosa adhesión a un Convenio para a prestación do servizo de pago telemático na Administración Pública.

Tras un amplo debate en relación coa urxencia do asunto, producíronse as seguintes manifestacións:

Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: nós imos votar en contra, considerando que é un punto que poderíase ter incluído na Orde do Día.

O Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García manifesta que vai votar a favor dela, debido a que se trata dun servizo aos cidadán.

Sr. voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel: nós votamos a favor da urxencia, por se se perde algunha subvención.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, produciuse a seguinte votación: nove (9) votos a favor dos grupos municipais do PSdG-PSOE, PP e BNG e dous (2) en contra do grupo de Veciños de Bergondo; en consecuencia pola Sra. alcaldesa en funcións, declarase a urxencia deste asunto, pasando seguidamente a debatelos.

**9.1.- Adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial RED.ES para a prestación transitoria do Servizo de Pago Telemático na Administración Pública. Adopción de acordo que proceda.**

A continuación dáse lectura á proposta de Alcaldía, que transcrita literalmente di:

Con data 26 de setembro de 2007, publicouse no DOG núm. 187 a Orde do 18 de setembro de 2007, da Consellería de Innovación e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades locais, encamiñadas ao desenvolvemento na Comunidade Autónoma Galega de Cidades Dixitais 2007-2010, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria (código procedemento IN516A).

O Concello de Bergondo, en agrupación cos concellos de Abegondo, Cambre e Carral presenta o proxecto nomeado “Concellum”, que pretende ser unha ferramenta de xestión de contidos na Internet e administración electrónica para os concellos citados, cun orzamento total de 298.920,40 euros (IVE incluído).

O proxecto foi aprobado polos catros concellos, concretamente polo de Bergondo, mediante Resolución de Alcaldía núm.801, do 25 de outubro de 2007.

Con data 26 de outubro de 2007 foi presentada a solicitude ante a Consellería de Innovación e Industria.

Por Resolución de data 12 de novembro de 2007 o conselleiro de Innovación e Industria ditou resolución pola que se conceden subvencións ás entidades locais para o impulso do desenvolvemento de aplicacións e servizos de administración electrónica, de servizos dixitais dirixidos aos cidadáns e empresas de ámbito local, de formación e difusión, relacionadas especificamente co desenvolvemento e implementación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia través de Cidades Dixitais 2007-2010, no marco do Plan estratéxico galego da sociedade da información e o Plan Avanza.

Por Resolución de 14 de novembro de 2007 procédese a dar publicidade á anterior Resolución de 12 de novembro de 2007, publicada no DOG núm. 233, do 3 de decembro de 2007 (código de expediente núm. 4038) correspondentes á subvención concedida ao concellos de Bergondo, Abegondo, Cambre e Carral, pola que se concede unha subvención polo seguinte importe:

Anualidade	Importe
2007	17.576,50 €
2008	158.188,46 €
<b>TOTAL</b>	<b>175.764,96 €</b>

Con data 3 de decembro de 2007 o Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria e urxente, e por unanimidade dos trece concelleiros que o compoñen aproba a proposta de Alcaldía do día 1 de decembro de 2007 relativa ao “Proxecto Concellum”.

Dentro dos módulos do portal web desenvolto no “Proxecto Concellum” inclúese o SSAP (Sistema de Servizos de Administración Pública), encargado dos servizos propios de administración electrónica e deberá integrarse co sistema de xestión de contidos, ofrecendo o servizo de pago telemático, que permitirá ao concello cobrar mediante pagos telemáticos os tributos, prezos públicos ou outros ingresos cuxa recadación sexa da súa competencia.

Para a prestación do servizo de pago telemático no modo webservice con validación de sinatura polo organismo, precisarase dunha pasarela de pago.

Estudadas diversas opcións conclúese que o emprego da pasarela de pago telemático Entidad Pública Empresarial Red.es, adscrita ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, responde dun xeito máis adecuado aos requirimentos precisos para a prestación dun servizo de pago telemático en modo web service con validación de sinaturas polo usuario, polos motivos que expoñen a continuación:

- ✓ Máis de 40 entidades do estado, das comunidades autónomas e administración locais adheridas.
- ✓ Máis de 20 entidades financeiras adheridas (BBVA, CajaAstur, Caja San Fernando, Banco de Crédito Local, Caixa D'Estalvis, Laietan, Caixa Penedés, Caja Castilla-La Manche, Caixa Galicia, Caja de Ahorros de Mediterráneo, Caja Granada, Caja de la Inmaculada, Cajamar, Caja Murcia, Unicaja, Santander, Ibercaja, Caja Madrid, Caja Duero, Caixa Catalunya, Caja Jaén, Banco Sabadell, Caixanova)
- ✓ Orientado a CCAA e EELL
- ✓ Personalizable
- ✓ Modular
- ✓ Seguridade (experiencia e recoñecemento da AEAT)
- ✓ Uso de firma electrónica (incluíndo DNI-e)
- ✓ MultiCA
- ✓ Tolerante a erros
- ✓ Flexible
- ✓ Conta con soporte (para técnicos e cidadáns)
- ✓ Seguimento de estándares
- ✓ Documento

*O Servizo de Pago Telemático (SPT) proporciona aos cidadáns, ás administracións públicas e ás entidades financeiras un mecanismo común, normalizado e seguro, que permite o pago de tributos e taxas por Internet con todas as garantías xurídicas. As modalidades de pago que se recollen son o pago directo por parte dos cidadáns e empresas e o pago por lotes por parte dos representantes.*

*Os medios de pago soportados son: o cargo en conta, pago con tarxeta de crédito e a domiciliación. Así mesmo o servizo permite realizar consultas sobre os pagos realizados.*

*O Servizo de Pago Telemático (SPT) proporciona aos administrados, Organismo Públicos e Entidades Financeiras un mecanismo común, normalizado e seguro que permite o pago electrónico de conceptos de débeda administrativa (tributos, taxas, prezos públicos, etc) con todos os garantes xurídicos.*

*Para a inclusión do Concello de Bergondo no Servizo de Pago Telemático ofertado por RED.es é necesaria a adhesión do Concello ao Convenio de Colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito e a Entidade Pública Empresarial Red.es.*

*De acordo co citado Convenio os Concellos con menos de 10.000 habitantes, como é caso do Concello de Bergondo, non estarán obrigados ó pago de tarifas.*

*De acordo co exposto, **propoño** ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.** *A adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Asociación Española de Banca, a Confederación Española de Cajas de Ahorro, a Unión Nacional de Cooperativas de Crédito e a Entidad Pública Empresarial Red.es para a prestación transitoria do servizo de pago telemático na Administración Pública, no modo web service con validación de sinatura polo organismo “Anexo II-3”, así como a aceptación de todas as condicións e termos do convenio de colaboración.*

**Segundo.** *Dar conta da adhesión ao convenio á Entidade Pública Empresarial Red.es.*

*Bergondo, 27 de marzo de 2008=O alcalde en funcións(Decreto 175/2008)=José M. Francisco Mata Buyo”*

A continuación procedese á **votación** da **proposta de Alcaldía**, que tivo o seguinte resultado:



Grupo municipal Socialista: cinco (5) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos en contra; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: un (1) voto a favor.

**Total: nove (9) votos a favor e dous (2) en contra.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa en funcións declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

O Sr. voceiro do PP, José E. Zapata Roel presenta unha moción *contra a violencia de género*, e xustifica a urxencia na cantidade de mulleres mortas por este motivo.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

## **9.2.- Moción do Grupo municipal popular contra a violencia de xénero.**

A continuación o Sr. voceiro do PP, da lectura á moción presentada, que transcrita literalmente di:

*“De acuerdo y al amparo de lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, el Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de Bergondo desea someter a la consideración del Pleno la siguiente MOCIÓN.*

*Es triste que, cercanos a la celebración del Día Internacional de la Mujer, cada vez sea mayor el dato trágico de mujeres maltratadas o asesinadas por violencia de género.*

*La sociedad española contempla la evolución de esta lacra y asiste con preocupación a la ineficacia de la Ley Integral de Medidas contra la Violencia de Género, cuyas medidas no se están implantando con la diligencia y la decisión que son necesarias.*

*Tendremos que recordar el martes 26 de febrero de 2008 como la fecha fatídica en la que cuatro mujeres fueron asesinadas a manos de sus parejas y una quinta estuvo a punto de perder la vida. Estos hechos estremecedores y el número de muertes ocurridas hasta la fecha, sólo en el año 2007 murieron 74 mujeres víctimas de esta violencia según el Consejo General del Poder Judicial, y en lo que va de año han muerto 17 mujeres, ponen en evidencia la necesidad de buscar nuevos instrumentos y medidas más eficaces para luchar contra la espiral de miedo que están sufriendo muchas mujeres en nuestro país.*

*Esta ley no ha ayudado “a corregir la tendencia de muertes que hay ahora”, como llevo a decir el Ministro de Trabajo y Asuntos Sociales.*

*El Gobierno sólo se ha preocupado de aprobar la Ley. Le ha dado igual si es efectiva o no, si tiene fallos o no, si está ayudando realmente a las mujeres maltratadas que se sienten indefensas. El Gobierno no ha sido capaz de atender a informes de prestigiosas entidades, del Defensor del Pueblo o de Amnistía Internacional que le advertían de las expectativas frustradas de la ley y de la necesidad de tomar medidas eficaces.*

*La violencia no puede dejarnos impasibles. Y menos aún a los alcaldes y concejales de los Ayuntamientos que vivimos y sentimos tan de cerca los problemas reales y cotidianos de los ciudadanos. Una ley integral es una herramienta para luchar contra los fenómenos de violencia indiscriminada, pero no es suficiente. El Gobierno está obligado a hacer algo más que legislar. Tiene que poner más medios y más energía para proteger a las mujeres que están amenazadas.*

*Por ello, el Grupo Municipal Popular presenta el Pleno para su consideración y aceptación, en su caso, los siguientes ACUERDOS:*

*1.- El Ayuntamiento de Bergondo lamenta con profundo dolor el aumento tan significativo de casos de muerte y maltrato por violencia de género producidos en España en lo que va de año, contempla con consternación y máxima conmoción el hecho de que nada menos que cuatro mujeres hayan sido asesinadas en un mismo día y en cuatro sitios diferentes, y eleva su más enérgica protesta al Presidente del Gobierno por la incapacidad e insensibilidad demostrada por su Gobierno para hacer efectiva la finalidad de esta Ley.*

*2.- Reclama del Gobierno de la Nación que adopte urgentemente las medidas necesarias para dar máxima protección a las mujeres amenazadas, estableciendo con carácter inmediato planes personalizados de seguridad.*

*3.- Instar al Gobierno de la Nación para que incremente el número de juzgados especializados en violencia de género dotándolos de los medios necesarios para garantizar su funcionamiento.*

*4.- Solicita al Gobierno de la Nación que incremente el número de miembros de los Cuerpos y Fuerzas de Seguridad del Estado dedicados exclusivamente a la violencia de género, especialmente formados para estas tareas y en comunicación directa, permanente y personalizada con las víctimas actuales o potenciales.*

*En Bergondo, a 04 de marzo de 2008.*

*Fdo.: José E. Zapata Roel =Portavoz del Grupo Municipal Popular”.*

Toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: estamos de acordo na Moción pero non cos textos dos acordos que propón, é dicir, si é certo que se incrementou o número de mulleres, si é certo que existe unha violencia de xénero latente e continuada, pero faise un pouco de demagogia nos puntos que presenta o Partido Popular; si estamos de acordo en formular para adiante con esta moción sempre e cando se cambien algúns aspectos.

No primeiro punto faise excesiva demagogia, é dicir, hai unha lei en marcha dende fai pouco, todo o que se pon en movemento necesita un tempo de maduración, de hoxe para mañá non se consegue nada, ademais reclamarlle ao Goberno da Nación que adopte, urxentemente, as medidas necesarias, haberá que primeiro reclamarlle que destine mais presuposto para levalas a cabo. Igualmente, en relación cos xulgados especializados en violencia de xénero, creo que este punto xa se esta tratando, creo que vai haber dous en Galicia.

Sr. voceiro do PP: cre; iso é o que se insta.

Sr. voceiro de VB: pero creo que xa están aprobados, que xa saíu incluso no DOGa; entón se nos puntos 1 e 2, rebaixamos ese nivel de demagogia, estamos de acordo e daremos o noso apoio á Moción.

Sr. voceiro do PP: a moción seguímola presentando nos mesmos termos que está, se queren votar a favor votan e s queren votar en contra, tamén.

Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García: nós como representantes políticos temos que intentar dúas cousas, unha ter boas intencións, que se nos supoñen a todos, e outra é que os acordos que aprobemos sirvan para algo, nós aquí probamos unha declaración contra a violencia de xénero, este non é un acordo con medidas concretas mais alá das que aprobamos, polo tanto, a pesar de que as intencións evidentemente son boas, non podemos apoiar algo que sería redundar no que xa

dixemos o outro día cando foi o día internacional da violencia de xénero. Por outra parte me alegro de que o Partido Popular manteña esta posición, incluso sendo crítico co goberno de Zapatero, que non vou ser eu quen o defenda, pero foi o primeiro que fixo unha lei sobre este tema, e o Partido Popular nunca tivo moita sensibilidade hacia este tema, eu estaba apuntando cando Zapata falaba, me recordo das declaracións dun informe do Consello Económico Social da Comunidade de Madrid, de Esperanza Aguirre, dicindo que as axudas que o goberno socialista daba para as mulleres maltratadas podían ser unha tentación para que moitas mulleres se declararan maltratadas para cobrar a paga que se lles dá por primeira vez na historia ás mulleres en España cando son maltratadas, isto aparte de ser bastante miserable ten moito da opinión de moita militancia do Partido Popular, incluso da clase dirixente, polo tanto nós vamos a votar en contra desta moción, por eses dous motivos.

Sra. alcaldesa en funcións: dende o grupo socialista tampouco dubidamos, evidentemente, das intencións da moción; sempre que traemos estas mocions a un Pleno é coa intención de que tódalas medidas que se adopten sexan favorables e que sexan realmente efectivas, nós non estamos de acordo co plantexamento nin con algunhas das palabras e das frases que se din “*el gobierno solo se ha preocupado de aprobar la ley*” evidentemente son voceira do partido socialista, “*eleva su mas energica protesta al presidente del gobierno*” entón, sendo conscientes de que os acordos están demasiado desfasados, o sexa, que non dubidamos de que leven boa intención, o partido socialista se abstén nesta moción.

A continuación procedese á **votación da proposta presentada polo PP**, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: cinco (5) abstencións; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: un (1) voto en contra.

**Total: sete (7) abstencións, tres (3) votos a favor e un (1) voto en contra.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa en funcións declara **non aprobada** por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

O Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García, presenta unha primeira moción sobre medidas a adoptar en relación co Plan Xeral de Ordenación Municipal; xustifica a urxencia en que xa é tarde para isto, e canto mais tempo pase mais irreversibles serán os efectos de non ter aprobado isto antes; nós xa o presentamos fai uns meses, polo tanto é urxente e será menos urxente que mañá.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

## **9.2.- Proposta de acordo sobre medidas a adoptar en relación co Plan Xeral de Ordenación Municipal. Adopción de acordo que proceda.**

Polo Sr. voceiro suplente do BNG, dáse lectura á moción presentada polo seu grupo, que transcrita literalmente di:

### *“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*1.- O BNG ten manifestado reiteradamente a necesidade de que Bergondo conte cun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que ordene o noso territorio e que, dentro do respecto á legalidade e ao sostemento urbanístico, supoña un instrumento axeitado para o desenvolvemento socio-económico no noso Concello.*

*2.- O BNG considera que un documento de tanta transcendencia como un PXOM debe ser o resultado do diálogo, o consenso e a negociación, xa non só entre os grupos políticos municipais, senón tamén cos veciños e veciñas de Bergondo, para o cal a información, a participación pública e a transparencia son elementos fundamentais no proceso de elaboración de dito PXOM.*

*3.- O BNG observa con especial preocupación como o Alcalde e a equipa de goberno practicou e segue a practicar o secretismo e ocultación de información sobre todo o relacionado co proceso de tramitación do PXOM.*

*4.- Por último, o BNG está disposto ao diálogo e a negociación e tamén a chegar aos acordos que sexan necesarios para poder acadar un PXOM en beneficio dos intereses xerais de Bergondo.*

*A tal efecto o BNG considera fundamental a creación dunha Comisión Informativa Especial, de seguimento do PXOM, na que poidan participar todos os grupos políticos municipais.*

*Por todo elo o BNG somete á consideración deste Pleno Municipal Ordinario de 27 de marzo de 2008 a adopción do seguinte ACORDO*

*De acordo co previsto no art. 68.4 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galiza e art. 124.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, de ROF, constitúese unha Comisión Informativa Especial para o seguimento, estudo e informe do PXOM, sendo de aplicación ao respecto o seguinte :*

*a) Obxecto :*

- seguimento da tramitación do PXOM*
- estudo do PXOM*
- ditame do PXOM*

*b) Composición : de acordo co previsto no art. 125 do ROF, estará composta por un/unha concelleiro/a de cada grupo político municipal, sendo presidida polo alcalde.*

*c) Duración : ata a aprobación definitiva do PXOM.*

*Bergondo, 25 de marzo de 2008= Asdo Manuel Parga Fernández =Concelleiro- Portavoz do BNG”*

A continuación toma a palabra o Sr. Voceiro do PP, José Eduardo Zapata Roel, e di: nós tamén presentamos unha Moción nos mesmos termos, a única diferenza que temos é que a creación dunha Comisión Especial xa foi debatida nestes termos; podería incluírse na Comisión de Asuntos do Pleno, pero non ser quen de dicir que isto non é urxente, nin hai que constituír unha Comisión para o seguimento do PXOM, é evidente, ademais os veciños de Bergondo necesitan, xa, ter coñecemento de como vai ser a súa vida e os seus terreos, e que posibilidades teñen con respecto a todo isto.

Sr. Voceiro de VB, F. Manuel Fafián Torreiro: nós estamos totalmente a favor, da urxencia, desta moción e da necesidade de facer xa de unha vez a comisión e, como di Antón, xa é tarde; e alégrome que se sume a esta moción o Partido Popular

Sr. Voceiro do PP: levamos cinco anos, pedindo Pleno tras Pleno que se nos informe del PXOM, durante cinco anos.

Sr. Voceiro de VB non vou entrar mais en detalles, pero no mes de xullo o Bloque presentou unha moción para facer unha comisión de urbanismo e vostedes votaron en contra.

Sr. Voceiro do PP: iso non é certo, a votación foi no senso de que calquera tema pode ir a través da Comisión de Asuntos do Pleno, que non hai que crear comisións especiais para cada tema en cuestión, esa foi a consideración que tivemos nesa votación .

Sr. Voceiro de VB : alégrome que se sume a esta moción.

Sra. alcaldesa en funcións: no seu momento cando xa xurdiu esta posibilidade da creación desta comisión especial para o seguimento para POXM, o voto do grupo de goberno foi en contra, non pola non necesidade, senón porque calquera tema se leva a través da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, é dicir, que un tema urbanístico, un tema do PXOM, etc, se podería levar perfectamente a través da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno. Iso non quere dicir que se poidan facer tantas comisións como asuntos ou concellerías e departamentos haxan, pero iso tampouco leva a unha maior información, porque se non se convocan non leva unha maior información, os asuntos se tratan igual nunha Comisión que noutra.

Sr. Voceiro de VB: discrepo, xa que nesa Comisión solo participa o equipo de Goberno, creo.

Sra. alcaldesa en funcións: na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno está representado vostede.

Sr. Voceiro de VB: é certo, ¿pero levaron algún tema urbanístico ao Pleno desde que iniciaron esta lexislatura?

Sra. alcaldesa en funcións: que non se levaran non quere dicir que non se teñan que levar os asuntos que se teñen que levar ao Pleno.

Sr. Voceiro de VB: sen embargo neste tempo, se sincera mais o Sr. alcalde cos periódicos que co Pleno, nunha pregunta que lle fixemos en xullo dixo que non ía saír o Polígono de Callou, o dixo ben claro aquí neste Pleno, iso o presentaron por presentar, e iso agora parécelle ben.

Sra. alcaldesa en funcións: sr. concelleiro estamos debatendo outro asunto.

Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García: dúas cousas, está en claro que na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno se pode debater isto, e nós non somos amigos dos formalismos solo queremos que se aprobe isto coa idea de que garante que se falen de temas urbanísticos, non por un tema formal; a nós tanto nos dá, como se se convoca unha asemblea de veciños e se lles dá información directamente a eles.

Vou ler un artigo dunha lei aprobada polo goberno socialista, que presentou a ministra Narbona, que di que con esta nova Lei estatal do solo queremos velar para a que actividade urbanística se desenvolva promovendo a mais ampla participación social, garantindo os dereitos de información e de iniciativa dos particulares, asegurando en todo caso a participación dos cidadáns e das asociacións por estes constituídas para a defensa dos seus intereses; Lei do solo do partido socialista, artigo 5 na formulación, tramitación e xestión do planeamento urbanístico as administracións urbanísticas competentes deberan asegurar a participación dos interesados, e, en particular, os dereitos de

iniciativa ou información por parte das entidades representativas dos intereses que resulten afectados e dos cidadáns; por non lembrarnos da Carta de Aalborg a de Lisboa, e de todas estas cousas que quedan para a galería, polo tanto nós, formalismos aparte, non queremos estar nunha comisión ou noutra, e que se de información sobre o noso futuro e o dos veciños

A continuación procedese á **votación da moción do grupo do BNG**, que tivo o seguinte resultado: Grupo municipal Socialista: cinco (5) abstencións; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: un (1) voto a favor.

**Total: seis (6) votos a favor e cinco (5) abstencións.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa en funcións declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

O Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García, presenta unha segunda moción referente á instalación dun sistema de bombeo para a traída de augas en Bergondiño; xustifica a urxencia en que algúns veciños desa zona teñen problemas co abastecemento de auga dende hai moitos anos.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos once concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, pasándose seguidamente a debatelo.

### **9.3.- Instalación dun sistema de bombeo para a traída de augas en Bergondiño. Adopción de acordo que proceda.**

Polo Sr. voceiro do BNG, dáse lectura á moción presentada polo seu grupo, que transcrita literalmente di:

*“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*O grupo municipal do BNG de Bergondo xa ten presentado con datas de 19-04-05 e 27-09-07 sendos rogos dirixidos ó Sr. Alcalde Presidente deste Concello explicándolle a situación en que se encontran os veciños das casas 50,51,52 e 53 do Mión-Bergondiño e do nº 66 do Outeiro-Bergondiño.*

*Estes veciños pagaran a principios dos anos 90, a cota de enganche de 50.000 ptas. Establecidas naqueles tempos para darse de alta na traída de augas municipal.*

*Efectivamente as respectivas acometidas dende a rede xeral ate o límite das propiedades foron feitas, pero cando os veciños pretenderon tomar servizo para as súas vivendas comprobaron que a presión da auga non era suficiente.*

*Esta situación vense mantendo todos estes anos e vai a peor de xeito progresivo, pois, especialmente no verán, a ausencia de auga é practicamente total.*

*Nesta situación e tendo en conta que a traída pública de augas é un ben de primeira necesidade cuio acceso debe ser garantido polo Concello, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración deste Pleno Municipal Ordinario de 27 de marzo de 2008 a adopción do seguinte ACORDO*

*De acordo co previsto no art. 68.4 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galiza e art. 124.3 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, de ROF:*

*1.- Declarar de urxencia as obras necesarias para dar servizo de auga de traída ós veciños de Bergondiño citados, en condicións normais de presión e caudal.*

2.- *Que previo proxecto redactado por técnico competente, se proceda á execución das citadas obras, con cargo á partida orzamentaria que corresponda.*

*Bergondo, 25 de marzo de 2008= Asdo. Manuel Parga Fernández =Concelleiro- Portavoz do BNG”*

A continuación procedese á **votación da moción do grupo do BNG**, que foi aprobada por **unanimidade**

9.4.- Moción do grupo municipal do Partido Popular para a constitución do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro do PP, José E. Zapata Roel, e manifesta que tendo en contan que contén os mesmos principios que se recollen na presentada anteriormente polo BNG, o seu grupo acorda retirala.

## **10.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

A continuación pola Sra. alcaldesa en funcións, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 28 de xaneiro ata o 14 de marzo de 2008, numerados do 55/2008 ao 174/2008. O Pleno queda enterado.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A continuación dáse conta dos rogos e preguntas presentadas para este Pleno, polos Sres. voceiros dos grupos municipais.

O Grupo do Bloque Nacionalista Galego, presentou os seus rogos e preguntas o día 25 de marzo, R.X. Entrada núm. 1516; son os seguintes:

### ROGOS:

1) *Se realicen os trámites necesarios para desocupar o camiño público que baixa de Mesoiro a Cambade, chamado do Piquete, que actualmente ten obstruído o paso por diversos materiais que alí se arroxaron coa intención de ocupar o camiño. Este caso xa conta con denuncias tanto no concello de Bergondo coma na Consellería de Montes.*

2) *Se eliminen os escombros e sucidade que se atopa nas marxes do camiño que baixa da estrada de Ouces ó muíño de Cambade.*

### PREGUNTAS:

*1) ¿Cal é a situación do trámite do Plan Sectorial I4 de Callou? ¿Qué opina do proxecto? ¿Cree que é o lugar idóneo para este tipo de iniciativa?*

2 *¿Cree que a modificación do ámbito que se dá na proposta, que inclúe solos rústicos de protección, é legal?*

3 *¿Iniciouse algún contacto coa Consellería de Medio Rural ó respecto de tantear a posibilidade de ampliar o Polígono Industrial de Bergondo á finca de Guísamo-Bos que a Xunta ten en dito lugar?*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións e di: con respecto á primeira pregunta, sobre o Plan Sectorial de Callou, dicirlle que hai un informe técnico no que se solicitan ás distintas administracións os informes vinculantes; realmente é o único que está tramitado agora mesmo no concello, se presentou a iniciativa e como é lóxico e normal se requiren informes á Demarcación de Estradas, á Fomento, á Fenosa, á Telefónica, por ser as empresas de servizos, esa e ágora mesmo a situación dese punto.

Pregunta vostede que opino do proxecto, en todo caso pois é unha iniciativa privada, era un solo industrial que estaba contemplado nas Normas Subsidiarias xa do 93, e se alguén agora, o fai uns meses a aquí, pretende desenvolve-lo está no seu dereito, sempre que cumpra coa legalidade que se lle require, evidentemente

¿O lugar idóneo?, agora mesmo está contemplado como solo industrial esa zona. Fala vostede da modificación do ámbito que se lle da na proposta que inclúe solos rústicos de protección, se é legal; en realidade é ilegal modificar o ámbito de actuación das propostas, en todo caso soamente se poden modificar un 5% polos reaxustes, isto indica que estaremos a expensas do que se nos informe da Consellería en canto se cumpre a normativa que debe cumprir. Pregunta se se iniciou algún contacto coa Consellería de Medio Rural para ampliar o Polígono de Bergondo, a finca de Guísamo e de Bos, pois había unhas conversas previas xa de hai tempo, sostidas xa polo alcalde; igualmente se solicitaba un acceso para ter unha mellor comunicación entre os dous Polígonos, sobre todo unha mellor accesibilidade co Polígono de Bergondo; agora non hai nada mais que esas conversas previas.

Sr. voceiro suplente do BNG Antón Sánchez García: empezando polo final, entón ¿como é? se só hai esas conversas previas, o alcalde manifeste na prensa, que a primeira hipóteses de crear solo industrial en Bergondo, sexa ampliar cara a finca de Bos cando nin sequera se ten nada en firme ¿que busca con iso?, ¿enganar á xente que esta vendendo os terreos en Peteiro?, a unhas persoas que están meténdolles presión para rebaixarlles o prezo, e aínda encima amparar estas actuacións o alcalde; en calquera caso, sexa con esta intención, ou non, non é responsable nin é serio dicir iso no periódico, publicamente, cando nós sabemos, esta é unha pregunta con trampa, que non se fixo ningunha xestión cara a obter a finca de Bos diante da Consellería do Medio Rural.

Con respecto ao de Callou, evidentemente as cuestións técnicas nós tamén as coñecemos, pero aquí non pedimos responsabilidades técnicas, neste caso á alcaldesa en funcións, senón decisións políticas; evidentemente esta iniciativa a promotora privada ten todo o dereito de presentala legalmente, pero fai oito anos cando o goberno socialista empezou a andadura como goberno municipal, o seu primeiro obxectivo era, se non recordo mal, redactar un PXOM co cal nós concordábamos porque segundo o documento da Oficina de Planeamento presenta para a proposta inicial do PXOM, para superar unha normativa obsoleta, que son estas Normas Subsidiarias do 93, que aquí neste panfleto que me pasou o servizo de arquivo do Partido, criticaba o partido socialista porque estaban feitas ao “dedillo” pola familia do entón alcalde; entón vostedes coa responsabilidade política que teñen deberían poñer tódolos medios para que estas normas obsoletas doutros tempos e feitas con intereses particulares non se leven a cabo. Hai moitas maneiras de facelo, unha delas é axilizar os trámites do PXOM, e outra delas sería poñer as trabas que pode poñer calquera grupo



municipal, que tódolos veciños particulares sabemos as trabas que se poden poñer para dilatar os procesos, nós cremos que se esta facendo todo o contrario, estase dilatando o proceso de redacción do PXOM para esgotar todas estas actuacións como a de Callou e a do Plan da Longueira, polo tanto cremos que mais que ser uns meros seguidores do legalismo, en teoría, pois deberían ter decisión política e coraxe político para, se queren e é a súa intención, defender os intereses dos veciños.

Sra. alcaldesa en funcións: sí defendemos os intereses dos veciños, en todo caso a pregunta que vostede presentaba está respondida; se quere formular outra pregunta se lle dará resposta nun próximo Pleno.

O Grupo de Veciños de Bergondo, presentaron preguntas o día 25 de marzo, segundo o R.X. Entrada núm. 1517.

#### ROGOS:

Non se presentaron

#### PREGUNTAS:

O Sr. voceiro da conta das seguintes

*.- É raro o día no que Bergondo non sae nos medios acerca de incidencias de tráfico nas vías que o atravesan, algúns, por desgraza, co tráxico final de feridos de gravidade ata de morte, como o ocorrido o pasado 12 de febreiro.*

*Certo é que temos unha vías moi concorridas e vellas con pavimentos desgastados, con cunetas e bordes con pouca ou nula limpeza, sinais de velocidade obsoletas, vellas e fóra xa da normativa ou tapadas pola maleza, ata algunhas que avisan de curvas perigosas pero non limitan a velocidade, curioso, pero certo, o pasado mes de febreiro un vehículo bateu contra o muro do número 24 de Ouces, existindo dous sinais no número 28 e no 24 avisa de curva perigosa pero non limita a velocidade, ademais con nula limpeza das cunetas.*

*Nun pleno do parlamento de Galicia presentouse no 2005 o Plan de Seguridade Viario de Galicia.*

*Este plan responde a un compromiso do Presidente da Xunta, recollido entre os obxetivos do programa electoral dos socialistas nas pasadas eleccións autonómicas de xuño de 2005 e que foi incluído non acordo de goberno asinado entre o PSdG-PSOE e o BNG.*

*Este Plan contará cun investimento aproximado de 2.800 millóns de euros e terá unha vixencia de catro anos (2007-2010).*

*¿Ten Bergondo un plan de seguridade viaria que detecte, analice e soluciónes anomalías nas vías previndo accidentes?.*

*¿Ten Bergondo identificados os puntos negros ou de especial incidencia e qué data ten para soluciónalos ou minimizalos?.*

*¿Estase desenvolvendo algún plan de renovación da sinalización viaria e cando foi a última vez que se realizou?*

*¿Con que frecuencia se limpan as cunetas e sinais tanto verticais como horizontais?.*

*¿Cal é o orzamento co que contamos en Bergondo para mellorar e adaptarnos aos regulamentos e normativas?.*

*¿Canto vai recibir Bergondo dos 2.800 millóns de euros do Plan de seguridade viaria presentado pola Xunta? ¿Existe algunha subvención para estas melloras (aparte do POS)?.*

*¿Ten previsto Bergondo algunha actuación de divulgación para nenos e maiores de concienciación como o Plan Valora ou o Faite Ver?.*

Sra. alcaldesa en funcións: creo que todas as preguntas veñen referidas ao mesmo, a temas de seguridade viaria; estase facendo, evidentemente, o Plan de seguridade viaria. Pregunta vostede en canto a frecuencia de limpeza, de sinais, renovación de sinalización viaria e demais; evidentemente non hai un prazo establecido, normalmente cando é necesario. Divulgacións para nenos e maiores, pois si se están facendo; o programa “faite ver” si se leva a cabo neste concello, de feito foi un dos primeiros concellos nos que se implantou.

Sr. voceiro de VB: solo foi un plan para regalar chalecos refractarios.

Sra. alcaldesa en funcións: pero é diso do que se trata o programa; en todo caso o programa é mellorable, e será a Consellería de Política Territorial a que se teña que encargar diso.

Sr. voceiro de VB: precisamente a Consellería aprobou unha lei na que identifica varias cousas; aparte de regalar “cacharros” para que te vexan. E con respecto ás sinais, temos un gran número delas caducadas; as sinais caducan, en tamaño, altura, densidade, refrectancia. En canto á limpeza, que di cando é necesario; a de Santa Marta ¿canto tempo leva sen limpar?, coas silvas atravesadas nas sinais, despois dunha moción que presentaron Veciños de Bergondo se limpou a estrada de acceso ao peaxe.

Sr. concelleiro de Vías e Obras: non a limpou o concello.

Sr. voceiro de VB: non a limpou o concello, pero é unha vía do concello, ¿certo non?, e coa maleza por encima das sinais, dunha vía, na que hai continuos accidentes, sen limpar, claro que non é do ayuntamiento.

Sra. alcaldesa en funcións: non, como non é do concello, nós pasamos aviso ao titular da estrada, e aínda así, precisamente, como os titulares, ben sexa a Consellería ou a Deputación, non están coa axilidade coa que teñen que estar nestes temas; ao final é o concello, como en tantas outras cousas, o que acaba facéndoo.

Sr. voceiro de VB: pero a de Sta. Marta non a limpou o concello.

Sra. alcaldesa en funcións: estoulle falando en xeral.

*.- Nos orzamentos do 2008 aparece unha partida para nichos de 60.000. Como saberán en San Isidro/Bergondo hai unha gran demanda destes servizos, isto recórdannolo os veciños domingo a domingo. ¿Cando teñen previsto iniciar os trámites para a súa construción?.*

Sra. alcaldesa en funcións: somos conscientes da dilatación nestas obras, non soamente en S. Isidro; en Vixoi, en Guísamo, en Gandarío, é dicir, en tódalas parroquias hai demandas. Como xa se falou nun Pleno anterior, recordo, onde xa houbera unha pregunta algo parecida, os trámites se iniciaran o mais rapidamente posible.

Sr. voceiro de VB: pero en S. Isidro hai un volume moi alto de solicitudes.

Sra. alcaldesa en funcións: igual que no resto das parroquias do Concello.

Sr. voceiro de VB: entónces a seguinte pregunta é ¿poderíannos pasar o volume de solicitudes de nichos que hai, por parroquia? ¿poderíamos ter acceso a ese tipo de información?

Sra. alcaldesa en funcións: se a temos nós.

Sr. voceiro de VB: vostede acaba de asegurar que a coñece.

Sra. alcaldesa en funcións: unha cousa é coñecela polas demandas de palabra, e outra polas solicitudes. Solicíteaa, que non haberá problema en darlla.

*.- O pasado día 27 de setembro aprobouse unha moción presentada por Veciños de Bergondo referente á información e participación cidadá aprobada por unanimidade na que acordan tres puntos:*

*Primeiro: a publicación das convocatorias das sesións plenarias tanto na páxina Web do Concello como nos taboleiros das parroquias informando do dereito de asistir, así como a orde do día coa mesma antelación coa que se lle notifican aos concelleiros. Seis meses despois:*

*¿Cando pensa notificarlles aos veciños que poden asistir aos Plenos, cando son os Plenos, as Ordes do Día?. Hai unha moción aprobada fai seis meses.*

Sra. alcaldesa en funcións: si, somos conscientes diso, aínda que non ten nada que ver con que non se poidan poñer igualmente nos sitios de sempre, nos Taboleiros, a páxina web está precisamente agora nun proceso de renovación, precisamente polo que acabamos de aprobar do proxecto Concellum.

Sr. voceiro de VB: o mais difícil, que era conseguir a partida presupostaría para os “cacharros” estes, se conseguiu de inmediato.

Sra. alcaldesa en funcións: ás veces non é o mais difícil.

Sr. voceiro de VB: e vostede non cre que mandar á policía para que no mesmo momento que manda as notificacións aos concelleiros, a que poñan os típicos papeis, notificación de Pleno, pódese asistir, a Orde do Día, o mesmo día, non cre que é mais fácil que comprar isto.

Sra. alcaldesa en funcións: así se fará a partir do próximo Pleno.

*.- ¿Cando ten previsto iniciar as obras da rede de sumidoiros de Lubre?.*

Sra. alcaldesa en funcións: estamos pendentes do que nos informen da Xunta de Galicia, pero seguramente en próximos días teremos algunha notificación en firme.

*.- ¿Cando prevé finalizar as obras de mellora da Ponte do Rio Maior e a estrada cara a Campo de Leis?.*

Sra. alcaldesa en funcións: están traballando niso, están case rematando; sabe vostede que esa non é unha obra que está facendo o Concello, e que evidentemente estase dilatando.

Sr. voceiro de VB: vólvolle a insistir, como lle digo ao Sr. alcalde, neste concello parece que cando algo é importante e non é responsabilidade do concello, non é cousa nosa.

Sra. alcaldesa en funcións: si é cousa nosa, todo o que pase neste concello é cousa nosa e a nosa obriga é esixirlles as outras administracións que cumpran cos prazos igual que temos que cumprir nós.

Sr. voceiro de VB: agradézollo, me gustaría que fixera fincapé en que se finalice esta obra.

Sra. alcaldesa en funcións: efectivamente, que se finalice canto antes, porque xa tardou moito en comezarse.

*.- O pasado mes de decembro aprobouse unha moción presentada por Veciños de Bergondo referente a actuacións na CP0810. ¿En qué estado se atopa? ¿Hai resposta de Patrimonio? Os acordos plenarios que acordamos aquí acerca de dotala de sinalización horizontal e vertical ¿cando temos pensado incorporalos?, porque fai uns días pintouse a estrada, nada mais.*

Sra. alcaldesa en funcións: polo de agora o que lle podemos dicir é que está iniciado o concurso para a adxudicación da 1ª fase, está publicado xa no BOP polo tanto está en execución xa por parte da Deputación.

Sr. voceiro de VB: pero vostede di da 1ª parte das beirarrúas que están previstas aí, eu estoulle preguntando polo que se aprobou, acerca da sinalización vertical e horizontal, limitación de velocidade.

Sra. alcaldesa en funcións: en canto as medidas que se deberían adoptar provisionalmente en canto non estivera o segundo, non temos aínda información sobre ese punto.

Sr. voceiro de VB: rogaríalle celeridade, porque estamos en inverno.....

*.- ¿Cando se comezan as obras da nova depuradora de Gandario?.*

Sra. alcaldesa en funcións: está adxudicada, comezarse polos colectores, proximamente.

Sr. voceiro de VB: ¿están informados os propietarios dos terreos afectados?

Sra. alcaldesa en funcións: con respecto á depuradora aínda se están a acadar os terreos necesarios, precisamente por iso se vai empezar polo colectores.

*.- O pasado día 1 de marzo do 2008 publícase no BOP a Resolución de 15 de xaneiro de 2008 a autorización administrativa previa das instalación de distribución de gas natural en Bergondo (A Coruña), e se aproba o seu proxecto de execución. Segundo o edicto constrúense dous ramais. Un*

*ramal, cito textual, “para subministrar gas natural a outros núcleos de poboación do termo municipal de Bergondo, como Gandarío, Silvoso ou Lagoa. E outro ramal, cito textual “partirán dúas liñas en sentidos contrarios das que sairán diversas ramificacións, de acordo ao trazado indicado nos planos, para subministrar gas natural a outros núcleos de poboación como San Isidro, Carrio a urbanización Longueira”. Dárase cobertura a importante urbanización da Longueira, que aínda nin se sabe cando se empezará a construír.*

*¿Para cando esta prevista a dotación deste servizo para concentracións altas de poboacións como Guísamo, Cortiñán, Santa Marta, Lubre ou o polígono de Bergondo?. Aquí si que xa existen e teñen ata veciños e empresarios que se poderían aproveitar dunha enerxía limpa como o gas.*

Sr. voceiro de VB: porque aínda que é unha actuación privada, que me contestou o alcalde en xuño, é moi pintoresco que se lles dea gas aos montes e non a un polígono industrial.

Sra. alcaldesa en funcións: en todo caso o noso interese é que se lles subministre canto antes a todo o concello, logo veremos se realmente as conexións, e se a xente está interesada niso, ou non.

Sr. voceiro de VB: fíxose algunha xestión con Gas Galicia para saber se é posible levar gas ao Polígono de Bergondo, ou se hai algunha cooperación, porque nós falando cun dos xerentes, nos di que non.

Sra. alcaldesa en funcións: en todo caso, lle contestaremos nun próximo pleno.

*.- O pasado 21 de febreiro constitúese o Comité integrado de prevención de incendios forestais de Galicia para a campaña 2008. En materia de prevención, acordouse reforzar os traballos de limpeza e acondicionamento de montes, devasas, cortalumes, pistas forestais e puntos de auga, tanto por parte do propio dispositivo dependente da Xunta como en colaboración con comunidades de montes, propietarios forestais e concellos, fundamentalmente. ¿Ten este concello identificados os posibles puntos negros se un lume se producira? Liñas eléctricas, estradas, edificios estratéxicos, etc. Isto está dentro do acordo que se fixo o 21 de febreiro, que os concellos deberían reportar cales eran os puntos negros, se estaban ademais en perfecto estado de limpeza as liñas eléctricas, de transporte ou subministro, estradas e sobre todo hospitais, edificios estratéxicos, como depuradoras, zonas de bombeos de auga, depósitos.....*

Sra. alcaldesa en funcións: estamos precisamente elaborando ese estudo, con todo o necesario para a prevención de incendios no concello.

Sr. voceiro de VB: entón supoño que os depósitos de auga de Santa Marta, rodeados de maleza, que non corresponde coa normativa, ou a depuradora de Santa Marta, ou outras mais que teñen maleza cerca, nas que pode prender lume.

Sra. alcaldesa en funcións: se limparán, evidentemente, se se lles di aos veciños que teñen que limpar as fincas, evidentemente tamén se limpará aí.

Sr. voceiro de VB: entendo que non se fixo aínda, porque o ano pasado tamén había o mesmo plan e os eucaliptos seguen aí, a maleza segue igual.

*¿Cantas notificacións se recibiron neste ayuntamiento de montes sen limpar?.*

*¿En cantas se actuou tendo en conta a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia?*

Sra. alcaldesa en funcións: aproximadamente se enviaron 400 notificacións a propietarios de fincas, se recibiron devoltas 100, por ser descoñecidas; os que as recibiron actuaron con bastante dilixencia, co cal tamén é de agradecer a colaboración dos veciños en canto a limpeza.

*.- A estrada que uno Rois con Peteiro atópase nun estado lamentable con innumerables fochancas dun metro de ancho.*

Sr. voceiro de VB: creo que sabedes cal é; onte pola noite andaban tapando os baches, é un pouco curioso que presentemos as preguntas e ao día seguinte se tapen, agradézollo de todas formas.

Sra. alcaldesa en funcións: Sr. concelleiro, xa sabemos que moitas veces van coincidir algunha das súas propostas con cousas que se están levando a cabo polo concello; aínda chovendo se traballa igual

*.- O firme da estrada Betanzos-Bergondo ao seu paso por Bergondo presenta un firme desgastado e irregular. ¿Ten pensado a Deputación reparala neste ano?*

Sra. alcaldesa en funcións: en todo, será a Xunta, si está notificada polo alcalde e tamen faremos o posible para que si se faga este ano, porque é necesario

Sr. voceiro de VB: igualmente a de Sada a Armuño, nesta, ademais, están as cunetas sen limpar. Incluso a maleza nalgúns puntos teñen mais dun metro, o firme desgastado, que ante freadas os a automóviles non reaccionan.. O mesmo ¿ten pensado o concello limpala neste ano?

Sra. alcaldesa en funcións: limpar as cunetas, o concello as limpará; o firme da estrada tamén está aprobada a obra pola Deputación. Contamos tamén con que inicien as obras canto antes.

*.- Logo do acontecido en Cortiñán, fai un mes, no que o concello descoñecía que a Deputación estaba eliminando o arcén co novo pintado da vía Cortiñán a Vilacoba por Montellos, creo que sabe onde é, diante da escola de Cortiñán, sen ademais avisar aos veciños, cando é sabido por todos a cantidade esaxerada de tráfico, incluso aquí presentamos unha pregunta; había unha proposta inicial, tanto a carreteras do Estado como a Deputación para facer un sentido único para minimizar o tráfico, entonces puxémonos en contacto coa Deputación e preguntámoslles se ían manter o arcén ou quitalo, nos dixeron que excepto a nosa reclamación non teñen ningunha mais, nós fixemos unha reclamación por escrito, incluso deixamos copia aquí o mesmo día que aconteceu, falamos co Sr. alcalde para que botara unha man para parar as obras, e me temo que se en breve non se fai unha reclamación por este concello, a carretera pasará a 3,70 e non teremos arcén; aparte de que os veciños non poidan aparcar, os contedores de lixo que están mais adiante, vidro e papel, haberá que quitalos de alí.*

Sr. alcaldesa en funcións: entendemos mais ben, que entón é un rogo.

Sr. voceiro de VB: eu penso que é unha pregunta, porque pregunto se se vai facer algo mais, modificado, etc.

Sra. alcaldesa en funcións: en todo caso terá que modificalo a Deputación

*.- Cando rematan as obras de mellora da depuradora do Polígono de Bergondo?.*

Sra. alcaldesa en funcións: contamos que canto antes, van empezar as obras, xa.

Sr. voceiro de VB: dígollo porque creo que van empezar tamén a desviar as pluviais de Bos para Bergondo, creo que empezan agora tamén, haberá que telo en conta porque, primeiro, o cauce do río de Lubre haberá que ver se soporta as augas que veñen de Bos, e, segundo, haberá que ter en funcionamento esta depuradora para sacar as pluviais das fecais, porque senón ao final, volveremos a ter en Lubre un estercoeiro.

Sra. alcaldesa en funcións: se informará á empresa.

Sr. voceiro de VB: a última pregunta é moi importante para nós, porque queremos preparar unha moción.

*.- Ten o concello un inventario de camiños, actualizado?.*

Sra. alcaldesa en funcións: aínda non está rematado.

Sr. voceiro de VB: e para cando se ten previsto, porque se está en marcha o PXOM, isto debería estar antes.

Sra. alcaldesa en funcións: precisamente por iso, contamos que sexa canto antes.

Sr. voceiro de VB: é que hai unha nota de prensa, de xullo de 2002, onde di: Bergondo terá un mapa cartográfico dixital a finais deste ano. Segundo o que poñía o periódico incluía camiños, acceso, moitas cousas, xusto cando se empezou a tramitación do Plan xeral.

Sr. voceiro de VB: temos dous rogos que nos estaban recollidos, e son:  
Os pais dos rapaces de Baldomir e Sampaio nos reclaman que, por favor, o ayuntamiento teña a ben asfaltar a parada de autobús dos nenos, porque volven a subir ao autobús cos zapatos totalmente manchados, e aínda encima o autobús cando vira en Sampaio, patina.

Sra. alcaldesa en funcións: sabe vostede que a zona onde está esa parada non é do concello.

Sr. voceiro de VB: sen embargo fixo unha actuación.

Sra. alcaldesa en funcións: fíxose unha actuación e precisamente por iso non podemos facer mais.

Sr. voceiro de VB: ese terreo está cedido, nós falamos co propietario.

Sra. alcaldesa en funcións: non está cedido, está cedido de palabra, pero non hai ningunha cesión por escrito, xa varias veces nos puxemos en contacto co propietario, e non se fai mais actuacións porque o terreo non é noso; se ese terreo fose noso, iso non estaba así, somos os mais interesados en que onde está a marquesiña se amañe.

Sr. voceiro de VB: é unha contradición, que se cede un terreo de palabra para adecualo e se lle bote grava, e agora que fai falta un pouco mais para que cando o autobús cando vire non patine, fai falta un papel.

Sra. alcaldesa en funcións: se é para que o autobús non patine, é simplemente deixar as obras tal e como se fixeron, pos iso sí se pode facer, se é ir mais aló cunha actuación do que realmente se fixo, non se pode.

Sr. voceiro de VB: en Baldomir tamén se fixo, creo que si é terro municipal onde está a parada de autobuses, gustaríame que ese problema se solventara ás nais de Baldomir e se pode ser tamén ás de Sampaio. E o documento tráíollo eu.

O Grupo do Partido Popular, presentou os seus rogos e preguntas o día 27 de marzo, R.X. Entrada núm. 1585 son os seguintes:

#### ROGOS e PREGUNTAS:

*1.- Situación actual del Rio Mayor de Lubre*

Sr. voceiro do PP: esta xa está contestada.

*2.- Informar a los grupos políticos de la situación de los polígonos industriales. Xa se debateu aquí de dous de eles, pero do terceiro non temos nada; das notas de prensa falábase da posibilidade dun polígono industrial na entrada da autopista, queremos saber que hai de certo.*

Sra. alcaldesa en funcións: poderíase facer unha xuntanza cos distintos voceiros dos grupos para falar deste tema.

*3.- Arreglo del espejo en Sampaio. Xa o solicitamos aquí en varias ocasións.*

*4.- Seguridad vial en todo el ayuntamiento. Guísamo y Cortiñán dos focos importantes a tratar.*

Sra. alcaldesa en funcións: penso que esta mais ou menos tamén respondida na pregunta de Veciños de Bergondo.

*5.- Arreglo de la carretera de San Isidro. Tramo Capilla-Convento. Instar a la autoridad competente.*

*6.- Instar al Consorcio das Mariñas para la reubicación de los contenedores en la N-VI.*



Sr. voceiro do PP: cando recollen os contedores, en moitos sitios os deixan fóra do arcén incluso, cun perigo inminente.

*7.- Creación de una ordenanza que otorgue potestad a la policía local para el ejercicio y desarrollo de sus funciones (potestad sancionadora).*

Sra. alcaldesa en funcións: estamos traballando niso, tamén.

*8.- Instar a la Xunta para el arreglo del puente del Pedrido debido a la continua caída de cascotes a la vía pública y a la playa.*

Sr. voceiro do PP: imos entrar na tempada de verán, e isto xa foi solicitado polo noso grupo en moitas ocasión. A ponte está nun mal estado.

*9.-Instar a la Admón. Central-Fomento para la realización de la obra aprobada en Pleno anteriormente “supresión paso a nivel As Cerqueiras”.*

Sr. voceiro do PP: isto permitiría desviar o tráfico rodado pola estrada de Guísamo a Guiliade, e suprimir a maior parte do tráfico pesado.

Sra. alcaldesa en funcións: si, xa é algo que esta aprobado, insistiremos neste asunto.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e trinta minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa-presidenta en funcións, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria xeral, dou fe.

A secretaria xeral

V. e Pr.:  
A alcaldesa en funcións  
(Decreto de delegación 175/2008  
de 24 de marzo)

M.<sup>a</sup> de las Mercedes Fernández González

Alejandra Pérez Máquez